

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA O PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN MIRADOIRO TURÍSTICO NO PICOUTO

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de San Cibrao das Viñas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de San Cibrao das Viñas para o proxecto de construción do Miradoiro turístico no Picouto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Que o Concello de San Cibrao das Viñas, no intento da posta en valor do patrimonio cultural existente e co fin de dalo a coñecer ás persoas visitantes e peregrinas que recibe, propón a execución de actuacións de recuperación e mantemento en correcto



estado de conservación de diferentes bens de interese patrimonial, de xeito que as condicións nas que se atopen sexan acordes o medio onde se emprazan.

O proxecto de construción dun miradoiro turístico no núcleo rural de O Picouto, xurde a partir da necesidade de potenciar o desenvolvemento local e mellorar a calidade de vida no núcleo rural de Picouto.

Este proxecto de construción dun miradoiro urbano busca aproveitar o potencial paisaxístico da rexión, xerando beneficios significativos en diversas áreas. A creación dun miradoiro non só embelecerá a contorna, senón que tamén impulsará o desenvolvemento económico, turístico e sostible da rexión.

**Terceiro.-** A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 establece na misión 5. Mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial a revitalización do turismo rural coa mellora dos investimentos no turismo rural, en especial para xerar sendeiros, percorridos e rutas tematizadas que discorran por estes territorios, pero tamén para manter o rico patrimonio histórico ou, con carácter xeral, xerar infraestruturas que melloren a experiencia turística. Prestarase especial atención a crear oferta complementaria, cultural e de ocio, que faga aínda máis atractivos estas zonas e sirvan como detonante da viaxe.

**Cuarto.-** As actuacións que se levarán a cabo son:

-Acceso peonil ao miradoiro: Para a pavimentación e acondicionamento do sendeiro existente, levarase a cabo a retirada de pedras soltas que poidan dificultar e a cuberta vexetal que é fundamentalmente herbácea e procederase a formación dun pequeno muro de mampostería para a contención das terras onde o terreo ten unha pendente mais pronunciada. A continuación proxéctase a limpeza e nivelación do camiño de 41 m. de lonxitude e 1 m. de anchura coa execución dunha subbase de 10 cm. de formigón de limpeza ea formación dun pavimento de formigón de 15 cm. de espesor con fibras de polipropileno para reforzar a resistencia. Naqueles tramos de camiño onde a pendente é excesiva e no acceso á plataforma do miradoiro, se encofrarán 5 e 3 chanzos de formigón en masa respectivamente e de dimensións 20 x 30 cm., e 1 m. de anchura. Tamén prevese protexer os tramos máis expostos ou con maior pendente mediante instalación de 38 m. de varanda rústica de madeira de 1,10 m. de altura, realizada con madeiros cilíndricos tratados en autoclave, con pasamáns e dous traveseiros unidos a postes con buraco pasante.



En canto a sinalización, prevese a colocación dun panel que poderá ser informativo no que se indicarán as características e condicións do miradoiro, servizos, accesos, etc, ou interpretativo dando información específica de interese natural, cultural ou paisaxístico. O panel informativo trátase dunha estrutura con dous soportes de madeira tratada (Nivel de protección IV) de 200 mm de diámetro e 3 m de lonxitude, encaixados no chan a unha profundidade de 90 cm, e inclúe o panel informativo rotulado a todo cor fabricado en chapa de aluminio de 1000x1250 mm, protexida con panel de metacrilato ou policarbonato.

- Miradoiro: Proponse a elaboración dun miradoiro ao finalizar o carreiro, de modo que desde el se poida observar distintos enclaves de interese no municipio. A plataforma de 4 m. de lonxitude e 2 metros de anchura delimitarase mediante construción de 8 m. de muro de cachotería de 1,25 m. de altura media. Unha vez completada a construción, procederase ao recheo e compactación do trasdós e do interior da estrutura, con materiais procedentes de préstamos, e compactando de forma adecuada para evitar futuros afundimentos ou movementos non desexados da soleira de formigón que se executará posteriormente.

Proxéctase a formación dunha base de 15 cm. de formigón en masa das mesmas características que o acceso, e rematada con 8 m<sup>2</sup> lousa de pedra granítica morena do país, de dimensións 70x40 cm. e 4 cm. de espesor.

Cercarase o perímetro do miradoiro para evitar a posibilidade de caída dos usuarios, mediante colocación de 8 m. de varanda metálica de forxa de ferro de 1,08 m. de altura, con barrotes verticais de 1 m. de lonxitude soldados a unha pletina corrida inferior, con pasamáns superior. O valado de protección colocarase retranqueado desde a zona de perigo co obxecto de evitar riscos de caída para as persoas e tamén para reducir o posible impacto visual dos mesmos. No panel informativo do comezo do carreiro advertirase deste perigo aos visitantes.

Por último, na plataforma do miradoiro instalarase un banco de pedra granítica do país con acabado apomazado e lonxitude de 2 m. e 35 cm. de anchura de asento.

Con estas actuacións quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o



patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de San Cibrao das Viñas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

